

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DE NOGUEIRA DE RAMUÍN, PARADA DE SIL, A TEIXEIRA E CASTRO CALDELAS PARA O DESENVOLVEMENTO E EXPLOTACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO DENOMINADO CENTRO BTT RIBEIRA SACRA.

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E por outra parte,

Don Julio Carlos Temes Pereira, Alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín con D.N.I. 34955499F que intervén en nome e representación do citado concello, con CIF P3205300A e con domicilio na Estrada de Nogueira 3, Luintra 32610 Nogueira de Ramuín (Ourense) A súa lexitimación e representación para este acto deriva da súa condición de Alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín, en virtude do nomeamento efectuado polo Pleno Municipal de data 24 de marzo de 2022 e con facultades para subscribir o presente convenio de acordo co establecido nos artigos 21.1 da Lei de Bases do Réxime Local.





Don Aquilino Domínguez Díaz, Alcalde do Concello de Parada do Sil con D.N.I. 34972158Z que intervén en nome e representación do citado concello, con CIF P3205800J e con domicilio no Campo da Feira 1, 32740 Parada de Sil (Ourense). A súa lexitimación e representación para este acto deriva da súa condición de Alcalde do Concello de Parada do Sil, en virtude do nomeamento efectuado polo Pleno Municipal de data 15 de xuño de 2019 e con facultades para subscribir o presente convenio de acordo co establecido nos artigos 21.1 da Lei de Bases do Réxime Local.

Don Miguel Antonio Cid Álvarez, Alcalde do Concello da Teixeira, con D.N.I. 34591272P que intervén en nome e representación do citado concello, con CIF P3208100B e con domicilio na Estrada Ivedo-Valilongo 19, 32765 A Teixeira (Ourense). A súa lexitimación e representación para este acto deriva da súa condición de Alcalde do Concello da Teixeira, en virtude do nomeamento efectuado polo Pleno Municipal de data 15 de xuño de 2019 e con facultades para subscribir o presente convenio de acordo co establecido nos artigos 21.1 da Lei de Bases do Réxime Local.

Dona Sara Inés Vega Núñez, Alcaldesa do Concello de Castro Caldelas, con D.N.I. 34251218D que intervén en nome e representación do citado concello, con CIF P3202400B e con domicilio na Rúa do Concello 1, 32760 Castro Caldelas (Ourense). A súa lexitimación e representación para este acto deriva da súa condición de Alcaldesa do Concello de Castro Caldelas, en virtude do nomeamento efectuado polo Pleno Municipal de 15 de xuño de 2019 e con facultades para subscribir o presente convenio de acordo co establecido nos artigos 21.1 da Lei de Bases do Réxime Local.

As partes comparecentes recoñécense plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos.





EXPOÑEN

PRIMERO.- Que á Axencia de Turismo de Galicia, correspóndelle o impulso e o desenvolvemento da actividade turística, a mellora do sector turístico, e a creación, implantación e adecuación de novos produtos e recursos turísticos. E especialmente no que se refire ao presente convenio, correspóndelle posibilitar novos produtos turísticos no ámbito rural galego conforme se establecen nos seus fins constitucionais.

SEGUNDO.- Que as liñas de traballo actuais da Axencia de Turismo de Galicia apostan polo impulso do turismo activo nas diferentes comarcas de Galicia, segundo principios de xestión sostible e ligadas á aparición de novas demandas turísticas específicas, neste caso orientadas ao uso e práctica da bicicleta de montaña a través da creación dunha rede de Centros BTT (bicicleta todo terreo). O ciclismo constitúe un medio adecuado para satisfacer as demandas de turistas que buscan un lecer ligado ao contacto co medio rural, non agresivo coa natureza e que permita á súa vez unha práctica deportiva.

TERCEIRO.- Que un centro BTT se define como un produto turístico destinado a promover a práctica da bicicleta de montaña. Consta dun ou varios centros de recepción e información (Punto de Acollida), onde se ofrecen servizos tales como alugueiro de material, taller de reparacións, limpeza e outros, así como información turística de carácter xeral sobre o destino e específica das rutas ciclistas. Forman tamén parte do Centro BTT un conxunto de rutas convenientemente sinalizadas que discorren polos arredores do centro e clasificadas pola súa diferente lonxitude e dificultade.





CUARTO.- Que con data 18 de xuño de 2015 os concellos de Nogueira de Ramuín e Parada de Sil e a Axencia Turismo de Galicia asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento e explotación do produto turístico denominado centro BTT Ribeira Sacra. Ante a ampliación das rutas existentes nos concellos da Teixeira e de Castro Caldelas cómpre asinar un novo convenio para impulsar accións de promoción do Centro BTT Ribeira Sacra e manter o estado destas novas rutas.

QUINTO.- Que os concellos de Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira e Castro Caldelas dispoñen dunha oferta variada de recursos paisaxísticos e naturais, arquitectónicos e culturais, así como unha oferta suficiente en servizos e equipamentos de tipo turístico sendo este territorio unha contorna favorable para implantar e desenvolver este novo produto turístico. Desta maneira o Centro BTT Ribeira Sacra está axudando a mellorar e reforzar o desenvolvemento turístico da comarca.

SEXTO.- Que por outro lado, cabe indicar a necesaria vinculación e participación dos axentes locais que, vinculados ao desenvolvemento rural ou á promoción turística, traballan diariamente coa Administración Local e os axentes privados. Esta subsidiariedade é necesaria neste proxecto, onde a Axencia de Turismo de Galicia ampara e apoia iniciativas locais e comarcais de desenvolvemento rural e turístico.

A estes efectos, a Axencia de Turismo de Galicia, promove a creación dunha Rede de Centros BTT Galicia, creando a seguinte marca rexistrada: "Centro (s) BTT Galicia".

Pola súa banda, os concellos de Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira e Castro Caldelas actuarán como titulares do Centro BTT Ribeira Sacra, cuxos Puntos de Acollda situaranse no Pavillón Deportivo de Nogueira de Ramuín (Estrada de Santo Estevo s/n -Finca A Tella- de Luíntra en Nogueira de





Ramuín), na Fábrica da Luz (Barxacova s/n en Parada de Sil), no castelo (Praza da Torre 6 do Castro de Caldelas) e no Pavillón Municipal de Deportes (Rúa do Toural 23, tamén no Castro de Caldelas), baixo as cláusulas que posteriormente se detallan.

É por iso que as entidades acordan formalizar o presente convenio, conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o réxime de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os concellos de Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira e Castro Caldelas para o desenvolvemento e explotación do produto turístico denominado Centro BTT Ribeira Sacra. Este produto está integrado na rede de Centros BTT Galicia de ámbito autonómico promovida pola Axencia de Turismo de Galicia.

Segunda.- Accións a Desenvolver

As accións a realizar conxuntamente para o desenvolvemento do Centro BTT Ribeira Sacra axustaranse ás seguintes liñas estratéxicas:

1- Accións de mellora da calidade do destino turístico tales como: contorna urbana e paisaxística próxima ao Centro BTT, Punto de Acollida, sinalización das rutas e mantemento destas.

2-Accións de creación, desenvolvemento e promoción do produto Centro BTT Ribeira Sacra, e todas as accións derivadas do anterior (publicidade, convenios ou protocolos de colaboración con entidades públicas e/ou privadas, clubs ou asociacións deportivas, federacións, realización de marchas cicloturistas e/ou competicións deportivas, etc.)





3- Accións para o fortalecemento e desenvolvemento do tecido empresarial turístico que poidan desenvolverse ao redor do produto BTT.

4-Accións dirixidas a fixar e aplicar criterios de control de calidade e mellora continua do produto.

5- Accións para o desenvolvemento, coñecemento e implantación da marca "Centro BTT Ribeira Sacra" e por tanto da marca de Rede de "Centro (s) BTT Galicia".

6-Accións para a posta en marcha dun sistema de xestión turística do destino.

7- Todas aquelas accións dirixidas ao cumprimento dos obxectivos previstos no presente convenio.

Terceira.- Compromisos que asume o Concello de Nogueira de Ramuín como titular do centro BTT Ribeira Sacra

1-Manter como Punto de Acollida do Centro BTT Ribeira Sacra o Pavillón Deportivo de Nogueira de Ramuín durante o período de vixencia deste convenio así como manter os actuais horarios de apertura.

2- Poñer a disposición deste proxecto os medios humanos e materiais necesarios para o seu adecuado desenvolvemento, explotación, mantemento, control e seguimento, de conformidade cos requisitos mínimos de funcionamento dun Centro BTT Galicia.

3- Cumprir con todos os requisitos fixados no Manual de Identidade Corporativa dos Centros BTT Galicia, en todo o que fai referencia ao deseño de equipamento, instalacións, sinalética, imaxe, material promocional e informativo do Centro BTT Ribeira Sacra.





4- Compatibilizar a práctica da BTT, dentro do seu concello, polas rutas sinaladas do Centro BTT Ribeira Sacra, con calquera outro tipo de actividade lúdica, deportiva ou cinexética.

5- Acatar todas as directrices emanadas dende a Axencia de Turismo de Galicia referentes, ben ao Centro BTT Ribeira Sacra, ben á Rede de Centros BTT Galicia, cumprindo os prazos marcados nestas.

6- Cumprir, tanto no momento da subscrición do convenio como durante toda a vixencia do mesmo, cos requisitos e estándares de calidade determinados no Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua dos Centros BTT de Galicia.

7- En coordinación coa Axencia de Turismo de Galicia, manter o bo estado de toda a infraestrutura, así como organizar eventos lúdico-deportivos anuais que axuden a dinamizar o Centro BTT.

8- Encargarse do adecuado mantemento e conservación das rutas, realizando como mínimo dúas limpeza anuais dos percorridos sinalizados e a eventual reposición da sinalización das mesmas.

9- Facilitar e colaborar na realización das auditorías externas a realizar con carácter periódico segundo o Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua.

10-Elaborar un informe detallado da xestión económica anual do Centro BTT Ribeira Sacra, reflectíndose as cantidades ingresadas por este, desagregadas en conceptos unitarios, tales como alugueiros, venda de merchandising, etc.

11- Asumir a contratación da cobertura de riscos e danos a terceiros correspondentes á explotación do Centro BTT Ribeira Sacra. En calquera caso, a Axencia de Turismo de Galicia queda exonerada de calquera





responsabilidade derivada dunha prestación defectuosa dos servizos prestados polo Centro BTT Ribeira Sacra, asumindo, no seu caso, o concello a dita responsabilidade en exclusiva.

12-Obter calquera tipo de licenzas e autorizacións que sexan precisas para calquera actividade que se desenvolva ao amparo e coa colaboración do Centro BTT Ribeira Sacra.

13-Esixir aos organizadores de marchas ou rutas BTT que utilicen as instalacións do Centro BTT Ribeira Sacra que contraten a cobertura de riscos para a dita actividade.

14-Asignar un responsable con coñecementos de xestión dentro do Concello de Nogueira de Ramuín para o proxecto Centro BTT Ribeira Sacra, interlocutor directo coa Axencia de Turismo de Galicia e a Oficina Técnica dos Centros BTT Galicia. Así como a asignación de persoal cualificado para a xestión do Punto de Acollida onde se centralicen os servizos deste produto turístico.

15-Asumir o compromiso de achega económica anual para a xestión do Centro BTT Ribeira Sacra pola cantidade económica e prazo de tempo aos que se refiren as cláusula sétima.

Cuarta.- Compromisos que asume o Concello de Parada de Sil como promotor do centro BTT Ribeira Sacra

1- Manter como Punto de Acollida do Centro BTT Ribeira Sacra a Fábrica da Luz durante o período de vixencia deste convenio así como manter os actuais horarios de apertura.

2- Poñer a disposición deste proxecto os medios humanos e materiais necesarios para o seu adecuado desenvolvemento, explotación, mantemento,





control e seguimento, de conformidade cos requisitos mínimos de funcionamento dun Centro BTT Galicia.

3- Cumprir con todos os requisitos fixados no Manual de Identidade Corporativa dos Centros BTT Galicia, en todo o que fai referencia ao deseño de equipamento, instalacións, sinalética, imaxe, material promocional e informativo do Centro BTT Ribeira Sacra.

4- Compatibilizar a práctica da BTT, dentro do seu concello, polas rutas sinaladas do Centro BTT Ribeira Sacra, con calquera outro tipo de actividade lúdica, deportiva ou cinexética.

5- Acatar todas as directrices emanadas dende a Axencia de Turismo de Galicia referentes, ben ao Centro BTT Ribeira Sacra, ben á Rede de Centros BTT Galicia, cumprindo os prazos marcados nestas.

6- Cumprir, tanto no momento da subscrición do convenio como durante toda a vixencia do mesmo, cos requisitos e estándares de calidade determinados no Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua dos Centros BTT de Galicia.

7- En coordinación coa Axencia de Turismo de Galicia, manter o bo estado de toda a infraestrutura, así como organizar eventos lúdico-deportivos anuais que axuden a dinamizar o Centro BTT.

8- Encargarse do adecuado mantemento e conservación das rutas, realizando como mínimo dúas limpezas anuais dos percorridos sinalizados e a eventual reposición da sinalización das mesmas.





9- Facilitar e colaborar na realización das auditorías externas a realizar con carácter periódico segundo o Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua.

10-Elaborar un informe detallado da xestión económica anual do Centro BTT Ribeira Sacra, reflectíndose as cantidades ingresadas por este, desagregadas en conceptos unitarios, tales como alugueiros, venda de merchandising, etc...

11-Asumir a contratación da cobertura de riscos e danos a terceiros correspondentes á explotación do Centro BTT Ribeira Sacra. En calquera caso, a Axencia de Turismo de Galicia queda exonerada de calquera responsabilidade derivada dunha prestación defectuosa dos servizos prestados polo Centro BTT Ribeira Sacra, asumindo, no seu caso, o concello a dita responsabilidade en exclusiva.

12-Obter calquera tipo de licenzas e autorizacións que sexan precisas para calquera actividade que se desenvolva ao amparo e coa colaboración do Centro BTT Ribeira Sacra.

13-Esixir aos organizadores de marchas ou rutas BTT que utilicen as instalacións do Centro BTT Ribeira Sacra que contraten a cobertura de riscos para a dita actividade.

14-Asignar un responsable con coñecementos de xestión dentro do Concello de Parada de Sil para o proxecto Centro BTT Ribeira Sacra, interlocutor directo coa Axencia de Turismo de Galicia e a Oficina Técnica dos Centros BTT Galicia. Así como a asignación de persoal cualificado para a xestión do Punto de Acollida onde se centralicen os servizos deste produto turístico.





15-Asumir o compromiso de achega económica anual para a xestión do Centro BTT Ribeira Sacra pola cantidade económica e prazo de tempo aos que se refire a cláusula sétima respectivamente.

Quinta.- Compromisos que asume o Concello da Teixeira como promotor do centro BTT Ribeira Sacra

1- Poñer a disposición deste proxecto os medios humanos e materiais necesarios para o seu adecuado desenvolvemento, explotación, mantemento, control e seguimento, de conformidade cos requisitos mínimos de funcionamento dun Centro BTT Galicia.

2- Cumprir con todos os requisitos fixados no Manual de Identidade Corporativa dos Centros BTT Galicia, en todo o que fai referencia ao deseño de equipamento, instalacións, sinalética, imaxe, material promocional e informativo do Centro BTT Ribeira Sacra.

3- Compatibilizar a práctica da BTT, dentro do seu concello, polas rutas sinaladas do Centro BTT Ribeira Sacra, con calquera outro tipo de actividade lúdica, deportiva ou cinexética.

4- Acatar todas as directrices emanadas dende a Axencia de Turismo de Galicia referentes, ben ao Centro BTT Ribeira Sacra, ben á Rede de Centros BTT Galicia, cumprindo os prazos marcados nestas.

5- Cumprir, tanto no momento da subscrición do convenio como durante toda a vixencia do mesmo, cos requisitos e estándares de calidade determinados no Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua dos Centros BTT de Galicia.





6- En coordinación coa Axencia de Turismo de Galicia, manter o bo estado de toda a infraestrutura, así como organizar eventos lúdico-deportivos anuais que axuden a dinamizar o Centro BTT.

7- Encargarse do adecuado mantemento e conservación das rutas, realizando como mínimo dúas limpeza anuais dos percorridos sinalizados e a eventual reposición da sinalización das mesmas.

8- Facilitar e colaborar na realización das auditorías externas a realizar con carácter periódico segundo o Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua.

9-Elaborar un informe detallado da xestión económica anual do Centro BTT Ribeira Sacra, reflectíndose as cantidades ingresadas por este, desagregadas en conceptos unitarios, tales como alugueiros, venda de merchandising, etc.

10- Asumir a contratación da cobertura de riscos e danos a terceiros correspondentes á explotación do Centro BTT Ribeira Sacra. En calquera caso, a Axencia de Turismo de Galicia queda exonerada de calquera responsabilidade derivada dunha prestación defectuosa dos servizos prestados polo Centro BTT Ribeira Sacra, asumindo, no seu caso, o concello a dita responsabilidade en exclusiva.

11-Obter calquera tipo de licenzas e autorizacións que sexan precisas para calquera actividade que se desenvolva ao amparo e coa colaboración do Centro BTT Ribeira Sacra.

12-Esixir aos organizadores de marchas ou rutas BTT que utilicen as instalacións do Centro BTT Ribeira Sacra que contraten a cobertura de riscos para a dita actividade.





13-Asignar un responsable con coñecementos de xestión dentro do Concello de Nogueira de Ramuín para o proxecto Centro BTT Ribeira Sacra, interlocutor directo coa Axencia de Turismo de Galicia e a Oficina Técnica dos Centros BTT Galicia. Así como a asignación de persoal cualificado para a xestión do Punto de Acollida onde se centralicen os servizos deste produto turístico.

14-Asumir o compromiso de achega económica anual para a xestión do Centro BTT Ribeira Sacra pola cantidade económica e prazo de tempo aos que se refiren as cláusula sétima.

Sexta.- Compromisos que asume o Concello de Castro Caldelas como promotor do centro BTT Ribeira Sacra

1- Manter como Puntos de Acollida do Centro BTT Ribeira Sacra tanto o Castelo como o Pavillón Municipal de Deportes, ambos na vila do Castro de Caldelas, durante o período de vixencia deste convenio así como manter os actuais horarios de apertura.

2- Poñer a disposición deste proxecto os medios humanos e materiais necesarios para o seu adecuado desenvolvemento, explotación, mantemento, control e seguimento, de conformidade cos requisitos mínimos de funcionamento dun Centro BTT Galicia.

3- Cumprir con todos os requisitos fixados no Manual de Identidade Corporativa dos Centros BTT Galicia, en todo o que fai referencia ao deseño de equipamento, instalacións, sinalética, imaxe, material promocional e informativo do Centro BTT Ribeira Sacra.

4- Compatibilizar a práctica da BTT, dentro do seu concello, polas rutas sinaladas do Centro BTT Ribeira Sacra, con calquera outro tipo de actividade lúdica, deportiva ou cinexética.





5- Acatar todas as directrices emanadas dende a Axencia de Turismo de Galicia referentes, ben ao Centro BTT Ribeira Sacra, ben á Rede de Centros BTT Galicia, cumprindo os prazos marcados nestas.

6- Cumprir, tanto no momento da subscrición do convenio como durante toda a vixencia do mesmo, cos requisitos e estándares de calidade determinados no Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua dos Centros BTT de Galicia.

7- En coordinación coa Axencia de Turismo de Galicia, manter o bo estado de toda a infraestrutura, así como organizar eventos lúdico-deportivos anuais que axuden a dinamizar o Centro BTT.

8- Encargarse do adecuado mantemento e conservación das rutas, realizando como mínimo dúas limpezas anuais dos percorridos sinalizados e a eventual reposición da sinalización das mesmas.

9- Facilitar e colaborar na realización das auditorías externas a realizar con carácter periódico segundo o Plan de Calidade, Mantemento e Mellora Continua.

10-Elaborar un informe detallado da xestión económica anual do Centro BTT Ribeira Sacra, reflectíndose as cantidades ingresadas por este, desagregadas en conceptos unitarios, tales como alugueiros, venda de merchandising, etc.

11- Asumir a contratación da cobertura de riscos e danos a terceiros correspondentes á explotación do Centro BTT Ribeira Sacra. En calquera caso, a Axencia de Turismo de Galicia queda exonerada de calquera responsabilidade derivada dunha prestación defectuosa dos servizos prestados polo Centro BTT Ribeira Sacra, asumindo, no seu caso, o concello a dita responsabilidade en exclusiva.





12-Obter calquera tipo de licenzas e autorizacións que sexan precisas para calquera actividade que se desenvolva ao amparo e coa colaboración do Centro BTT Ribeira Sacra.

13-Esixir aos organizadores de marchas ou rutas BTT que utilicen as instalacións do Centro BTT Ribeira Sacra que contraten a cobertura de riscos para a dita actividade.

14-Asignar un responsable con coñecementos de xestión dentro do Concello de Nogueira de Ramuín para o proxecto Centro BTT Ribeira Sacra, interlocutor directo coa Axencia de Turismo de Galicia e a Oficina Técnica dos Centros BTT Galicia. Así como a asignación de persoal cualificado para a xestión do Punto de Acolida onde se centralicen os servizos deste produto turístico.

15-Asumir o compromiso de achega económica anual para a xestión do Centro BTT Ribeira Sacra pola cantidade económica e prazo de tempo aos que se refiren as cláusula sétima.

Sétima.- Financiamento

Os concellos de Nogueira de Ramuín e Parada de Sil destinarán durante os anos de vixencia do convenio un máximo de dez mil euros (10.000,00 €) anuais, IVE incluído, para a realización de todos aqueles traballos necesarios para manter o bo estado de toda a infraestrutura, así como a organización dos eventos lúdico-deportivos que poidan celebrarse ou calquera outro tipo de acción promocional. O Concello de Nogueira de Ramuín fará unha achega de 5.000,00 € anuais e o Concello de Parada de Sil fará unha achega de 5.000,00 € anuais.

Os concellos da Teixeira e de Castro Caldelas destinarán durante os anos de vixencia do convenio un máximo de oito mil euros (8.000,00 €) anuais, IVE incluído, para a realización de todos aqueles traballos necesarios para manter





o bo estado de toda a infraestrutura, así como a organización dos eventos lúdico-deportivos que poidan celebrarse ou calquera outro tipo de acción promocional. O Concello da Teixeira fará unha achega de 4.000,00 € anuais e o Concello de Castro Caldelas fará unha achega de 4.000,00 € anuais.

Serán estes catro concellos como titulares do Centro BTT Ribeira Sacra, en coordinación coa Oficina Técnica BTT Galicia, os que xestionen os seus respectivos importes para levar a cabo os traballos descritos anteriormente, traballos que terán que ser aprobados mediante orzamento presentado e avaliado por ambas as dúas partes.

Unha vez realizados os traballos aprobados, os concellos estarán obrigados a facer o pagamento das facturas que correspondan nos 30 días posteriores á presentación das mesmas por parte dos provedores e estarán obrigados a enviar unha copia da factura e do xustificante do pagamento realizado á Oficina Técnica BTT Galicia para o seu control. Antes da finalización de cada ano, a Oficina Técnica enviará aos concellos un informe sobre as accións executadas con cargo a este orzamento.

No caso de que se produza a prórroga do convenio, segundo se establece na cláusula décima sexta, o compromiso de todas as partes manterase nas cantidades sinaladas nos parágrafos anteriores por cada ano, coa distribución establecida nesta mesma cláusula.

Oitava.- Compromiso de estabilidade do titular do centro BTT

Dado o interese turístico do proxecto, considérase necesario que a aposta por este Centro BTT Ribeira Sacra se manteña a longo prazo, polo que se considera imprescindible estar en condicións de asegurar e mellorar a xestión do centro desde o punto de vista da prestación do servizo e da calidade e a mellora constante durante a vixencia do presente convenio.





Aos efectos de acreditar esa calidade na xestión, por parte da Axencia de Turismo de Galicia faranse as auditorías periódicas ao centro para que avalíen o grao de cumprimento dos parámetros da calidade esixida ás que se fai referencia no punto 8 da cláusula terceira, podendo derivarse do incumprimento dos parámetros citados a resolución do presente convenio.

Novena.- Compromisos que asume a Axencia Turismo de Galicia

- 1- Liderar e desenvolver a Rede de Centros BTT Galicia. A dita rede irase despregando de acordo coas dispoñibilidades anuais fixadas nos programas de actuacións da Axencia de Turismo de Galicia.
- 2- Poñer a disposición dos titulares do Centro BTT Ribeira Sacra os servizos e capacitación da Oficina Técnica dos Centros BTT Galicia para o asesoramento necesario. A Oficina será a responsable de facer as tarefas de supervisión e control deste Centro.
- 3- Levar a cabo, en colaboración cos titulares do Centro BTT Ribeira Sacra, e a través dos programas de formación que desenvolva a Axencia de Turismo de Galicia, as actuacións formativas que resulten precisas para a mellor prestación do servizo por parte do Centro BTT Ribeira Sacra.
- 4- Facilitar e promover a consecución, por parte do Centro BTT Ribeira Sacra, das diferentes certificacións de calidade a través das políticas de calidade desenvolvidas pola Axencia de Turismo de Galicia.
- 5- Dotar ao Centro BTT Ribeira Sacra dunha imaxe de marca, de acordo co manual de imaxe corporativa de Centros BTT Galicia.
- 6- Difundir, publicitar e promocionar con todos os medios ao seu alcance o produto turístico da Rede de Centros BTT Galicia e neste caso o Centro BTT Ribeira Sacra.





7- Establecer os contactos necesarios cos axentes vinculados ao sector BTT a efectos de mantelos informados da iniciativa obxecto do presente convenio e facilitar posibles colaboracións futuras.

Décima.- Comisión de Seguimento

Constituirase de mutuo acordo unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes, á que corresponderá velar polo correcto desenvolvemento e execución do disposto neste Convenio, así como impulsar a adopción das medidas e accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos comúns perseguidos polas partes.

A propia Comisión, unha vez constituída, decidirá o seu réxime de reunións e de adopción válida de acordos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima primeira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei





40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima segunda. Modificación e resolución

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

Nas actividades ou actuacións que se realicen en desenvolvemento do convenio farase constar de maneira expresa e clara a participación da Axencia Turismo de Galicia. Tamén poderán figurar outras institucións públicas e/ou axentes privados que participen no financiamento das citadas actividades.





O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Notificación electrónica





Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Vixencia

O Convenio entrará en vigor na data da súa firma e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, todas as partes asinan o presente convenio

